





PLANETA LINGUA

Ferrol, maio de 2006, nº8

Equipo de Normalización Lingüística do I.E.S. SOFÍA CASANOVA



ECLIPSE ANELAR, 3 DE OUTUBRO DE 2005



BOLIVIA
PRODUTO NATURAL
ANO DA MEMORIA
DA VIDA UNIVERSITARIA
MOZART
LITERATURA E CINEMA
OS DÍAS DAS LETRAS
FRAGAS DO EUME
DECADENCIA DO RURAL
RUBÉN CELA DÍAZ
HOMENAXE A MEIZOSO
O QUE ESTÁ POR CHEGAR
IDENTIDADE
BRENDA VARELA LÓPEZ
NOVAS TECNOLOXÍAS
PASANDO O TEMPO
CÓMIC
COORDENADORA DE EQUIPAS

É hora capitán, collamos rumbo de cara o tempo que ficou no olvido, ese espello de brétemas que ás veces se ilumina no fondo da memoria e fai brillar en lampos unha tarde que nunca volverá. Pero está viva.

Antón Avilés de Taramancos



Samuel Fernández Paz

BOLIVIA, UNHA TRISTE HISTORIA E AGORA UNHA ESPERANZA

Todos coñecemos, ou quizais non, a historia da colonización de América, cando o imperio español e demais potencias europeas deixaron o continente americano sen metais preciosos, mingando a poboación e destruindo culturas milenarias.




De pouco serviría falar en xeral dos diversos movementos indixenistas e revolucionarios que hai en América do Sur, pero si pode ser de interese comentar a actualidade dun país andino, Bolivia, que vén sendo noticia repetida na televisión, esa caixa parva á que todos nos pegamos, porque o 22 de xaneiro de 2006 foi elixido presidente o indíxena Evo Morales.



Bolivia é un país actualmente pobre, que pertenceu ao vicerreinado español do Perú. Cando os colonizadores españois descubriron os seus metais preciosos espoliaron de vez as minas de Potosí, mentres mantiñan ao pobo nun

estado de semiescravidude, e tantas riquezas sacaron que aínda hoxe se usa ese vello retrouso de “*valer un potosí*”. A que fora a primeira produtora de prata do mundo consegue independizarse do Estado español en 1825. Pero como ben dixo o actual presidente electo no seu primeiro discurso, “*en 1825 os indios non foron invitados á fundación de Bolivia*”. Non eran fillos de Bolivia, só a súa man de obra. E até 1952 nin votar podían.



A historia da Bolivia independente está inzada de enfrontamentos civís, golpes de estado e resistencia popular. Pero nos últimos anos o país vivía nun constante estado de insurrección para evitar que co gas boliviano se repetira a antiga historia de tesouros roubados ao longo de catro séculos: a prata de Potosí, o salitre da costa, que acabou anexionándose Chile, e o estaño de Oruro. As masivas protestas pola nacionalización dos hidrocarburos abriron o camiño para que a maioría dos bolivianos, que se gaban de ser descendentes de tihuanacotas e incas, é dicir de aimarás e quechuas, outorgaran ao indíxena Evo Morales a súa confianza para que impida que as multinacionais sigan espoliando as riquezas do país.

Felipe Vázquez Fernández

Por segundo ano consecutivo Darío Fernández Fernández, redactor da nosa revista, gaña o primeiro accésit do certame literario Minerva na modalidade de poesía. No 2005 foi premiada a súa composición *Grinalda eterna* e no ano que corre a obra galardoada titúlase *Ao bufón petrificado (Vida endeble dos entes)*. Desde estas páxinas recibe Darío os nosos parabéns e que a creatividade continúe medrando e medrando.....



Redacción

ANTÓN GÓMEZ GARCÍA
DARÍO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
FEDERICO PEDREIRA NORES
FELIPE VÁZQUEZ FERNÁNDEZ
JOSÉ ANTONIO LÓPEZ SIXTO
MARÍA YÁÑEZ LÓPEZ
ROBERTO VÁZQUEZ FERNÁNDEZ
SAMUEL FERNÁNDEZ PAZ
SARA VEIGA RAMOS

Colaboradores/as

ANDREA PARDO MESÍAS
ANTÍA LÓPEZ
ANTÓN CORTIZAS
BEGOÑA BUGÍA
JOAQUÍN RODILES
MELBA COUTO
SECHU SENDE
XOÁN R. SILVAR

Edición

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
DO I.E.S. SOFÍA CASANOVA, FERROL

Coordinación

MIGUEL RÍOS TORRE



Propiedades

É un composto de orixe secular, da familia lingüística galego-portuguesa, derivado do latín.

Ao ser humano todas as linguas resólvenlle as funcións comunicativas verbais. A lingua galega ademais desa función básica desenvolve a función de identidade cultural da comunidade social denominada cientificamente como Galiza. Facilita a comprensión e integración no contorno. A súa presenza potencia a creatividade, a autoestima e o progreso social.

A súa administración é especialmente recomendada nos centros de ensino e lugares de ocio e tempo libre da xuventude e a infancia.



Indicacións

Trastornos de comportamento por causa da diglosia, o autoodio ou a falta de autoestima.

Trastornos por déficit de interacción coa cultura e identidade galega.

Estados de acollida dos recentemente chegados/as a Galiza.

Persoas con insuficiencia comunicativa.

O seu uso está especialmente indicado para persoas e colectivos que crean na xustiza social e na defensa dos dereitos básicos do ser humano.

Comeza a relacionarse o seu uso oral permanente co progreso económico do país.

Contraindicacións

Non se coñecen até o de agora.

Efectos Secundarios

É xeralmente ben recibido desde a primeira dose.

Fórmula

Latín.

Linguas de substrato precelta e celta (oestrymnio, ligur...) Linguas de superestrato: visigodo, suevo, árabe...



Incompatibilidades

Problemas con pacientes que presentan trastornos ideolóxicos, proclives á desaparición das culturas minorizadas ou indiferentes ao proceso de desgaleguización. Recoméndase a aprendizaxe doutros idiomas, cantos máis mellor, sen esquecer que a lingua da propia nación é insustituíbel.

Advertencias

É importante empezar a súa utilización desde os primeiros días de vida para optimizar os seus beneficios.

O seu uso continuado conduce ao convencemento e á fidelidade na súa capacidade creativa e en fases evolucionadas pode crear un estado óptimo de monolingüismo.

Excipientes

Simpatía, cultura, ética persoal, formación, comunicación, habilidades sociais, sensibilidade, autoestima, liberdade de expresión...

Posoloxía


Ten de administrarse de forma diaria e continuada. Cada suxeito elixirá a dose segundo as súas necesidades, indo progresivamente en aumento.

Caducidade

O propio fármaco ten unha sorprendente capacidade de rexeneración e actualización polo que NON presenta data de caducidade.

Presentación

Preséntase en formas diversas, a través de textos escritos ou por vía oral. Recoméndase a súa distribución en formatos actualizados (novas tecnoloxías, cinema, medios de comunicación...) e o seu consumo tradicional (relacións informais, familia, amigos, amigas, colegas...).



Este produto natural debe estar ao alcance dos nenos e as nenas.



Sechu Sende
Escritor, profesor e animador sociocultural



2006, O ANO DA MEMORIA

Este ano de 2006, e por iniciativa da Consellaría de Cultura da Xunta de Galiza, conmemoramos **O ANO DA MEMORIA**, pasados 75 anos da proclamación da República e 70 do inicio da ditadura franquista. Logo da terxiversación da historia construída no franquismo e o pacto de silencio instaurado durante a transición é necesario a recuperación do noso pasado máis

achegado. Porque o pasado, de moitas maneiras, constrúe e dá forma ao noso presente, e porque a xente nova, a nosa mocidade, ten unha imaxe moi atenuada, cando non residual, daquelas datas. E tamén porque é de xustiza tributar homenaxe a todos os que, mesmo entregando a súa vida, fixeron posíbel coa súa loita e entrega as liberdades democráticas que hoxe temos.

OBREIRISMO FERROLÁN, de Eliseo Fernández



Obreirismo ferrolán invítanos a coñecer e recuperar a historia do movemento obreiro en Ferrol e a súa bisbarra, coa narración de múltiples episodios, vidas e historias persoais de cando o proletariado, antes do dramático período 1936-39,

loitaba unido.

Con este libro de Eliseo Fernández damos unha volta no tempo e metémonos de cabeza nunha época na que todos os obreiros de Ferrol estaban unidos é loitaban por mellorar as súas condicións de vida e traballo. Nun tempo no que o sindicato anarquista CNT e o socialista UXT pugnaban ombro con ombro para facer que se cumpriran e se respectaran os dereitos da clase obreira. Informarémonos das historias de moitos homes e tamén dalgunhas mulleres pioneiras que foron da loita feminista que puxeron en xaque á patronal, de cidadáns valentes que morreron enfrontándose ás forzas do estado, da organización de grandes fugas cara ao exilio para escapar á represión franquista, dunha época de esperanza, solidariedade e felicidade, pero tamén de tempos onde as clases máis desfavorecidas socialmente pasaban fame. Coa lectura deste libro descubriremos os primeiros pasos do sindicalismo a finais do século XIX e principios do XX, as primeiras folgas solidarias

contra o despido dun compañeiro, as loitas pola estabilidade laboral, a creación de ateneos e escolas populares para a formación e educación da emerxente clase obreira e a erradicación do analfabetismo, o levantamento militar, que encabezado por un ferrolán de infausto recordo, botou por terra o traballo dos seus veciños, asasinando no castelo de San Filipe a miles de sindicalistas que tanto fixeran por mellorar esta cidade.

Entre outros feitos curiosos da nosa recente historia cabe sinalar o *Congreso Pola Paz*, organizado en abril de 1915 polo *Ateneo Obreiro Sindicalista de Ferrol* para manifestar a oposición dos traballadores á Iª Guerra Mundial. No terceiro punto da súa convocatoria pedía o “*Desarme xeral dos exércitos permanentes*”, reivindicación que aínda hoxe segue pendente na axenda dos movementos pacifistas. Ou a evasión, o 20 de xullo de 1939, de 27 valentes tripulantes no bou *Ramón* que tiveron que exiliarse a Francia para fuxir da morte; un deles era Antón Santamaría López, que fora o último alcalde socialista da República.

Logo da guerra civil foron corenta anos sen liberdade, por iso recomendo a lectura deste libro, porque é importante aprender do pasado e recordar as valorosas fazañas protagonizadas polos nosos veciños, e sobre todo para que a barbarie non se repita, que non se volva repetir.

Felipe Vázquez Fernández



Entrevistamos a Eliseo Fernández, historiador

—Durante o traballo de investigación notou que tivo atrancos por xente que non quería que se falase, por exemplo, dos mortos do Castelo de San Filipe?

—A historia da época da República e a represión que seguiu ao golpe militar pode ser complicada en moitas ocasións, porque é un tema que en certa medida fire algúns sentimentos. Na medida do posíbel, tentei non fugar nas feridas das persoas que padeceron aqueles anos. Mais, por outra banda, existe unha certa tendencia á censura por parte de persoas que non quixeran que se

falase desta época por outros motivos menos respectábeis. Evidentemente, existen este tipo de persoas que quixeron e queren pechar o libro da historia, porque eles ou as súas ideas saen mal paradas no balance histórico.

Como penso que a historia é unha ferramenta para construír un futuro algo mellor, non aceptei este tipo de censuras que, por sorte, non foron moitas. De feito, a orixe do libro foi unha serie de artigos que ao longo de tres anos saíron publicadas nun xornal da cidade, o *Diario de Ferrol*.

[A seguir páx. 5]

[Vén da páx. 4] →

–Para escribir o seu libro, de que se serviu na súa investigación, tivo que falar coas familias dos protagonistas....?


–Unha investigación destas características, para ser un pouco veraz, ten que acudir a moitas e moi diversas fontes. A documentación dos arquivos, como o *Arquivo Municipal de Ferrol*, o *Arquivo do Reino de Galicia* ou o “*Archivo Regional del Noroeste*”, é moi importante porque che pon en contacto cos documentos xerados na propia época. Tamén as coleccións de xornais son unha ferramenta moi interesante. Pero as entrevistas aos protagonistas dos feitos ou aos familiares, sempre son moi esclarecedoras, porque son as que che dan as claves para interpretar axeitadamente os acontecementos. É un pouco difícil de explicar, mais a persoa que vive unha época ten unha visión en conxunto do que é unha sociedade, un lugar, o seu propio tempo. Os que nos achegamos a reconstruír esa sociedade, ese lugar, esa época e ese tempo, podemos facelo parcialmente mediante a documentación de arquivo ou os xornais, pero nunca poderemos acadar unha visión de conxunto tan veraz como a que gozan as persoas que viviron esa época.

–Vostede reflexa un tempo, unha época na que os obreiros loitaban por un traballo digno. Na actualidade ás veces o traballador ten menos dereitos que nos tempos que narra. Que opina disto? Pensa que sería necesario un novo plan de leis ou máis manifestacións?

–O que conseguiu o sindicalismo nos anos anteriores ao golpe militar de 1936 foi ser unha forza con capacidade para intervir na vida social, tanto no que se refire ás condicións de traballo, como na vida política. Isto foi algo que se recuperou en parte despois da morte de Franco. Agora xa non estou tan seguro de que os traballadores e os sindicatos teñan forza dabondo para mellorar as condicións de traballo ou de vida. Quizais o que falte agora sexa máis ben esa forza para impulsar as melloras sociais ou polo menos para opoñerse aos cambios que prexudican á clase traballadora.

–Na época que vostede narra, a inmigración positiva era debida ao éxodo rural, na actualidade os inmigrantes veñen doutros países. Pensa que o estado tería de cambiar as leis para intentar legalizar os máis posíbeis e que así non foran unha man de obra barata, que é explotada e provoca a baixada dos salarios?

–Penso que o noso deber como persoas é non negarlle aos inmigrantes que veñen a Galiza o que esixían os nosos devanceiros cando tiveron que marchar fóra para gañar a vida. É este un deses casos no que a historia serve perfectamente para axudármonos a comprender o noso tempo presente. Non sei de ningún país que empobrecera pola chegada de emigrantes; mais ben ao contrario. Eu penso que se alguén está traballando ten que facelo en boas condicións, polo



Eliseo Fernández

seu ben e polo de todos os traballadores. Iso é algo ao que deberíamos aspirar.

–Que o levou a escribir este libro, Obreirismo ferrolán?

–Sobre todo, o meu interese pola época e pola historia dos movementos sociais na Galiza. A medida que fun lendo o que escribían outros autores, fun interesándome máis e máis, e pasei a investigar en arquivos, hemerotecas, facer entrevistas, e a buscar máis información. Despois saíu a oportunidade de escribir sobre o tema no *Diario de Ferrol* e fíxeno. Unha vez que estes traballos saíron no xornal, só foi cuestión de agrupalos, organizalos e convertelos neste libro.

–Cre vostede que de non haber guerra civil o presente de Ferrol sería diferente, como o imaxina?

–Quero pensar que si. Houbo procesos como a emancipación da muller, a mellora nas condicións de traballo, a posibilidade de participar na vida democrática, que ficaron aparcados por moitos anos, na ditadura franquista. Se non fora pola ditadura, seguramente seríamos un país máis democrático, máis avanzado, e algunhas lacras como as do caciquismo ou o machismo estarían en camiño de deixar de existir.

–Que os sindicatos actuais estean máis masificados cos de antes é positivo ou negativo para os traballadores?

–O problema dos sindicatos actuais non é que estean masificados, porque antes había tanta xente ou máis que agora. O problema é que os sindicatos están cada vez máis separados da clase traballadora. Agora, escasea moito o traballador que é ao tempo sindicalista. A militancia sindical está menos nos postos de traballo, perde o contacto coa realidade laboral e remata por crear un grupo aparte, que media entre o traballador e a empresa. Noutros tempos sería impensábel que un sindicalista asumira posicións do empresario, porque non se podía permitir facelo, sendo un traballador. Agora xa non está tan claro...

Felipe Vázquez Fernández

CONSTANTES OU CAMBIANTES?

(da vida universitaria)

P
L
A
N
E
T
A
L
I
N
G
U
A
Nº
8
I.
E.
S.
S
O
F
Í
A
C
A
S
A
N
O
V
A
F
E
R
R
O
L

Se o pensamos detidamente, de cada experiencia que nos ocorre na vida, por insignificante ou irrisoria que sexa, aprendemos algo novo; o truco está en saber aprender dos erros. Pode que coñecer a realidade nos roube a inocencia, pero canto máis conscientes sexamos do que nos rodea, máis difícil será para o *poder* dominarnos. Cando cheguei a Ourense e por vez primeira subín as escaleiras da Facultade para estudar **Traballo Social**, comprendín que a miña vida estaba a punto de dar un xiro radical, un deses que perfeccionan o teu sistema de crenzas e non hai retorno posíbel á inocencia dos días de instituto.

E así foi. Estou en segundo curso e dirixo a miña vida (salvo pola dependencia económica...), sufrindo consecuentemente todo o positivo e negativo que implica. O certo é que paga a pena.



De súpeto todo cambia drasticamente, recibes unha chea de información desde multitude de perspectivas e ámbitos, e o pasas como nunca. Aquí en Ourense atopo máis xente falando a nosa lingua, rapazas e rapaces de todas as idades falan galego con total normalidade. Non obstante, non se pode dicir o mesmo dos docentes. Supoño que non ten moito sentido sorprenderse, posto que xa levo arrastrando esa simpleza intelectual do profesorado desde o colexio e o instituto.

A vida social na Universidade non é perfecta, pero é máis tolerante e aberta que no instituto. En xeral, non te etiquetan tan rapidamente como antes. Quizais haxa un chisco máis de individualismo, aínda que se pos da túa parte e mobilizas á xente, todos e todas comezan a preocuparse paulatinamente de algo máis que de si mesmos. Ao chegar á facultade ábrese ante ti unha chea de portas, miles de posibilidades para facer cousas que noutras circunstancias non terías oportunidade, coas que podes facerte máis explicitamente partícipe do que che rodea.

Claro que non todo é tan maravilhoso.

Para pagarse a Facultade moitos e moitas teñen que traballar ao mesmo tempo, e non teñen tan doado



compatibilizar

estudo, traballo e diversión. Ademais de que, en ocasións, o profesorado e a administración, non cho poñen fácil. A pesar de todo, o esforzo ten recompensa. Nesta época vas coñecer persoas de moitas clases sociais, de moitos lugares, de moitas formas diferentes de pensar. Estes anos aquí poden ser inesquecíveis.

Na facultade todo é moi distinto ao instituto. A relación entre profesor/a e alumno/a non funciona nos mesmos termos. Non é fácil facerte notar, pero podes defenderte mellor, traballar de xeito máis autónomo. Así mesmo, aquí <<A>> nunca é igual a <<A>>, con frecuencia <<A>> pode ser <>, <<C>>, <<D>>... O que diga un profesor non é a *verdade universal*. Así que, se bates con bos mestres/as e te implicas no percorrido instrutivo, vas aprender a *pensar* intensamente. O que non significa que non haxa multitude de aulas nas que non te cultivas demasiado...

Por outra banda, teño moito que estudar e reducidas posibilidades de traballar do que quero nun futuro, co que terei que exercitarme para a dura tarefa de *buscarme a vida*. A pesar de todo, non me arrepinto de estar aquí, porque fixen máis amigas e amigos que en toda a miña vida xunta, paseino incrivelmente ben, e aprendín a *moldear* o cerebro para explotar as miñas potencialidades.

E sempre penso en Ferrol. Quen sabe, quizais algún día poda traballar alí, e facer mellor a nosa cidade.

Non vos esquezades da vosa lingua, que é un dos bens máis prezados que vos ensinaron e que non vos poderán arrebatara xamais. Non practiquedes o moi de moda *pasotismo*, porque somos nós os que temos o futuro nas nosas mans, e non podemos permitírnos ignoralo. Unha aberta ao alumnado e a todo o equipo de traballo do *I.E.S. Sofía Casanova*. Non deixedes de ser quen sodes, pero nunca deixedes de medrar.

Andrea Pardo Mesías
2º de Traballo Social, Ourense



Mozart, no aniversario da morte dun neno prodixio

Este ano conmemóranse os 250 anos do nacemento de Mozart, un dos artistas máis importantes da Historia da Humanidade, compositor universal e intemporal, cuxa obra segue fascinando con máis forza se cabe, na actualidade.

Wolfgang Amadeus Mozart naceu na cidade austríaca de Salzburgo o 27 de Xaneiro de 1756, demostrando desde moi novo unha precocidade e talento extraordinarios. Estas virtudes non pasaron desapercibidas para o seu pai, Leopold Mozart, violinista e compositor quen lle proporcionou unha férrea e extensa educación.

Así, el e a súa irmá Nannerl asombraron os aristócratas e intelectuais europeos nunha extenuante xira e foron aplaudidos e admirados polos máis distinguidos auditorios. Con sete anos, publicaba as súas primeiras composicións para teclado e meses despois, as primeiras sinfonías.

Dedicou moitos anos a viaxar, coñecendo todos os estilos musicais do seu tempo, que soubo asimilar e comprender, para despois mesturalos e fundilos admirabelmente na súa música, dando lugar a algo totalmente novo.

Mozart mantivo unhas relacións moi difíciles co seu pai, que se viron agravadas no momento en que decide abandonar o seu traballo, ao servizo do arcebispo de Salzburgo, despois de anos de disputas, en 1781. Instalouse en Viena, buscando unha certa independencia para poder compoñer o que quería, sen obrigacións impostas e alí casou con Constanze Weber, irmá da muller á que realmente amaba. Mozart sempre traballou buscando un recoñecemento e

unha prosperidade que non chegaría a alcanzar en vida, pois só despois da súa morte a súa inxente obra foi valorada como merecía.

Malia ter varios éxitos como *As vodas de Figaro*, a súa situación económica foise agravando, mentres o seu pésimo estado anímico, abandono persoal e obsesiva dedicación á música (nesta época compuxo as súas mellores obras como, por exemplo, a célebre *A fruta máxica*) trouxeron as doenzas e trastornos que o foron envolvendo nos últimos meses.

Nese último ano, un misterioso descoñecido (ás ordes dun aristócrata que quería estrealo co seu nome) encargoulle un Réquiem, no que Mozart traballou febrilmente até no seu leito de morte, deixándoo incompleto e sabendo xa que sería a súa propia misa de defuntos. A súa trágica fin está rodeada de miles de suposicións sobre a verdadeira causa da morte: falouse dun asasinato a mans doutro músico, Salieri, que de todos os xeitos gozaba de moito máis

prestixio ca el. Hoxe en día, pénsase que foron unhas febres as que, o 5 de decembro de 1791, fixeron desaparecer o xenio, con só 35 anos de idade. Non se coñece con seguridade o lugar exacto no que repousan os seus restos, xa que foi sepultado sen case testemuñas, nunha fosa común no cemiterio vienés de San Marcos, onde un monumento fúnebre se alza na súa lembranza.


O inmenso legado do creador está formado por máis de 600 obras de todos os xéneros, cargadas de beleza e sentimento, que o converten nun artista excepcional e inigualábel, que sempre paga a pena ouvir e coñecer.

María Yáñez López



REBELIÓN NO INVERNO, de Mario Regueira

P
L
A
N
E
T
A
L
I
N
G
U
A
N
º
8
L
E
S.
S
O
F
Í
A
C
A
S
A
N
O
V
A
F
E
R
R
O
L



Rebelión no inverno, do escritor ferrolán Mario Regueira, é un libro composto por relatos curtos que ten como tema central a idea de rebeldía como único camiño para chegar á liberdade. Os protagonistas rexeitan a escura realidade do mundo que lles tocou vivir, o inverno, rebelándose fronte a ela para adaptala aos seus soños e anxeios. Pequenos actos diversos, cargados de transcendencia, que poden cambialo todo e disipar o tedio da monotonía obrigada, revelando novos espazos para a imaxinación e a existencia. Os relatos son historias cheas de poesía, mergulladas en misteriosas realidades oníricas, tinxidas polas dúbidas duns personaxes enfrontados ao baleiro que se negan a aceptar a impostura do establecido. Hai moitos tipos distintos de rebelión, tantos como voces distintas están presentes na obra, que merecen ser escoitadas, reflexionando sobre a realidade presente a través dos seus ollos.

María Yáñez López

Nota biográfica

Mario Regueira naceu en Ferrol o ano 1979. Fixo o bacharelato no I.E.S. Sofía Casanova e despois cursou estudos de Dereito na Universidade da Coruña. En 2001 trasladouse a Compostela onde comezou Filoloxía Galega. Poemas e relatos seus editáronse en revistas como A Caramuxa, Citania ou Dorna. No ano 2004 publicou o seu primeiro libro Rebelión no inverno, na colección Abismos de Edicións Xerais. No 2005 foille concedido o premio de poesía “Pérez Parallé”, polo seu poemario Tanxerina.

CANDO PETAN NA PORTA POLA NOITE, de Xabier P. Docampo



Catro relatos –O Espello do Viaxeiro, O Fornadas, A Loba e O Cumpremortes– conforman esta obra do autor Xabier P. Docampo, catro contos de medo con diferentes estilos que tratan distintos temas moi frecuentes na tradición oral do noso país e mesmo no mundo do celuloide: homes lobo, fantasmas de vellas vingativas, a predición do futuro ou os clons. De lectura fácil e amena, tanto polo sinxelo dos argumentos e expresións como por tratarse de relatos curtos, é unha obra recomendábel para todo tipo de lectores e lectoras. Pero que ninguén pense nunha experiencia de pánico ou moito medo coa súa lectura pois as historias non o producen: é boa narrativa e polo tanto algo divertido.

Roberto Vázquez Fernández

Nota biográfica

Xabier P. Docampo naceu en Rábade en 1946. Estudou a carreira de Maxisterio e traballa como mestre no Colexio Público de Cambre. Participou en diversos movementos de renovación pedagóxica, publicou artigos sobre temas educativos e impartiu curso en xornadas de educación. Nos anos oitenta formou parte do equipo de *Preescolar na Casa* e percorreu case toda Galiza como actor de teatro. Entre as súas publicacións máis salientábeis destaca *O misterio das badaladas*, *Cun ollo aberto e outro sen cerrar*, *A chave das noces*, e *O home que inventou unha maneira de andar*. Con *Cando petan na porta pola noite* gañou o Premio Rañolas en 1994. Ademais, reúne unhas excepcionais condicións de narrador oral que o converten nun eficaz e popular contador de contos.



Xabier P. Docampo



Unha Historia de Violencia, de David Cronenberg

A beleza torcida

Guy Maddin e Atom Egoyan, por mencionar dous directores tamén canadianos coma Cronenberg, xa falaran da procura dunha



identidade persoal e das inseguridades que destapa o descoñecemento propio, dun mesmo. Este incombustíbel tema, que aparece en obras mestras recentes como na insuperable *2046* de Wong Kar Wai ou na trágica e fermosa alucinación que é *Pi* de Darren Arefnosky, é tratado por Cronenberg de

forma realista, analizando os comportamentos extremos agochados no inconsciente, como é o da violencia. Violencia que neste filme se expresa como beleza e grandiosidade, como algo que nos empuxa esteticamente a admirala e a contaminarnos por ela.

O primeiro a dicir desta película é que é unha obra mestra que en certa medida pódenos lembrar o cine existencialista e áspero de Michael Haneke (*Código descoñecido*, *Funny Games* ou *Caché*) ou a felicidade onírica tan común en David Lynch (*Unha historia verdadeira*, *Veludo azul*, *Dune*), pero sempre deixando ver eses retallos morbosos que definen e personalizan ao director da *Mosca* e *Videodrome*, un director complexo que nos propón nesta obra un

achegamento extraño ao entendemento dun mesmo.

A película arrinca cun asalto e o asasinato dunha pequena por parte de dous gángsteres de dureza banalizada, que non temen nin respectan nada, que non deixan superviventes. Logo aparece, de forma idealizada, unha familia demasiado normal que traballa e ten unha vida feliz e sen problemas. O protagonista Tom Stall –encarnado por un colosal Viggo Mortensen– ten unha fermosa muller e dous fillos agraciados que a cámara describe como unha familia corrente de clase media acomodada americana. Vemos a vida de Tom e como os dous gángsteres entran no seu traballo, e aquí é cando o tema da violencia como beleza trátase no espectador. No momento de presenciar a película o espectador interioriza que os gángsteres teñen que morrer, que merecen un castigo, e cando observa como, de forma tan realista, os disparos de Tom lles fura as testas, sinte unha calma necesaria, están mortos por matar unha nena e a todos aqueles que asasinaran antes, están mortos e o espectador amosa un sorriso de satisfacción (mesmo hai persoas que rin na sala vendo as viscerais imaxes), de bondade, na crenza de que Tom é un heroe por eliminar os malos; a ambición de Cronenberg é contaxiarnos a todos.

A violencia circula polo filme de forma labiríntica até estalar nesa imprescindible escena final que aínda que non explique nada tampouco quere explicar algo. A película, baseada nun cómic de Jonh Wagner e Vince Locke (a anos luz do filme no meu entender), non se para a desentrañar o pasado incerto de Tom senón que presenta as situacións de forma lineal e vai creando esa atmosfera de inqueda e malestar que a todos nos afecta, a beleza de Cronenberg, a beleza da violencia.

Darío Fernández Fernández



A CRISE DE HOLLYWOOD

Probabelmente nos últimos anos sentiriades falar da crise de *Hollywood*, e é que hoxe en día a industria cinematográfica está sufrindo unha perda importante de espectadores nas salas de proxección. E por se isto fora pouco, *Hollywood* esta a recorrer a películas xaponesas, cómics e *remakes* (novas versións de vellos filmes) como fonte de inspiración para novos títulos; facer películas con argumentos novos e orixinais empeza a escasear.



Nunca as películas tiveran tanto presuposto, nunca os actores tiveran tanto caché por interpretación e, por suposto, nunca os efectos especiais e audiovisuais foran tan bos como

os actuais debido á revolución dixital, e sen embargo cada vez é máis difícil triunfar entre o público.

As causas desta crise do cinema son moitas, por un lado a xente prefíre, na actualidade, alugar unha película en DVD e vela sen moverse do seu sofá no seu propio *home cinema*. Por outro lado o alto custo que ten hoxe a entrada nas salas de proxección, prezo que, nun círculo vicioso, sube cada vez máis; por iso moita xente pensa “*Para que vou ir ao cine pagando 5 € por unha película baseada noutra que xa vin hai uns anos se pode baixala de internet e vela tranquilamente na miña casa?*”.

Roberto Vázquez Fernández



OS 5 PRIMEIROS ESCRITORES DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS: 1963-1967

O Día das Letras Galegas celébrase dende o ano 1963 o día 17 de maio, cen anos despois de que en 1863, o mesmo día 17 de maio, Rosalía de Castro publicara o seu libro *Cantares Gallegos*.

1963. ROSALÍA DE CASTRO



A que foi a figura máis importante do Primeiro Renacemento galego, naceu na cidade de Santiago de Compostela o 24 de febreiro de 1837. Era filla natural de María Teresa da Cruz de Castro e do sacerdote Xosé Martínez Viojo. Casou o 10 de outubro de 1854 en Madrid con Xoán Manuel Martínez Murguía. Dos sete fillos do matrimonio só dúas fillas casaron: Aura e Gala. A única que tivo fillos foi Aura, dous xemelgos que morreron aos poucos meses de nacer. Non queda, polo tanto, descendencia do matrimonio Murguía-Rosalía. Rosalía escribiu en galego e castelán. Destacamos os seus poemarios *Cantares Gallegos* (1863) e *Follas Novas* (1880). Representou, coma ninguén no seu tempo, a alma popular e o espírito de resistencia de Galicia, do seu país. Aos 48 anos, en 1885, un cancro de estómago levouna á morte. Morreu en Padrón e está enterrada en Santiago.

1964. ALFONSO DANIEL R. CASTELAO



Nace na vila mariñeira de Rianxo (A Coruña) o 30 de xaneiro de 1886. Fillo de Mariano Rodríguez de Dios e de Xoaquina Castelao Genme. En 1895 emigrou coa súa nai á Arxentina, onde xa estaba seu pai. Estudou no Instituto de Santiago e na Universidade de Madrid. Casa na Estrada (Pontevedra) con Virxinia Pereira Renda o 19 de outubro de 1912. Tiveron un fillo que morreu o ano 1928. En 1936 presentoulle ao Presidente das Cortes o Estatuto de Autonomía de Galicia, que foi aprobado en xuño do 1936. No ano 1940 radícase definitivamente na Arxentina. Morreu en Bos Aires (Arxentina) o 7 de xaneiro de 1950.

Castelao foi unha conxunción excepcional de escritor sublime, artista extraordinario e político nacionalista, que soubo plasmar de maneira maxistral na súa obra a identidade popular e nacional de Galiza. Da súa obra destacamos *Un ollo de vidro*, *Os dous de sempre*, *As cruces de pedra na Galiza* e *Sempre en Galiza*.

1965. EDUARDO PONDAL



Naceu no Concello de Ponteceso (A Coruña) o 8 de febreiro de 1835. Era fillo de Xoán González-Pondal Froys e de Xosefa Abente Chans. Estudou en Muxía gramática latina e en Santiago Filosofía e Medicina. Aprobou en Madrid as oposicións ao corpo de Sanidade militar. Coñecía as linguas clásicas e as principais modernas (inglés, francés e portugués). Foi progresista e liberal e deuse a coñecer como poeta no famoso banquete de Conxo (Compostela) no 1856. O seu poema *Os Pinos* é a letra do himno galego. A salientar *Queixumes dos pinos* e *Os Eoas*, poema épico que trata da descuberta de América. Morreu o 8 de marzo de 1917 no hotel "A luguesa", da Coruña.

1966. FRANCISCO AÑÓN



Naceu no Concello de Outes (A Coruña) o 9 de outubro de 1812. Fillo de Fernando Añón Taboada e Vicenta Paz Rodríguez. Estudou no Seminario de Santiago e licenciouse en Dereito civil e canónico pola Universidade compostelán. No 1846, ano do movemento galeguista que rematou cos mártires de Carral, fuxiu para Lisboa porque un seu curmán tiña alí unha librería. Expulsárono de Portugal pola publicación do *Himno dos povos*. Viaxou por Francia e Italia. A súa vida foi unha continua aventura, case sempre lonxe da súa terra, moi presente nos seus poemas. En 1857 establécese en Madrid dedicándose ao ensino e ao periodismo. Destacamos os poemas *Recordos da infancia* e *A Galicia*. En vida non publicou ningunha obra; os seus poemas quedaron espaxados en revistas e xornais e en mans de familiares e amigos. Morre en Madrid o 20 de abril de 1878.

1967. MANUEL CURROS ENRÍQUEZ





Naceu en San Breixo de Celanova (Ourense) o 15 de setembro do 1851. Era fillo de Xosé María de Curros Vázquez e de Petra Enríquez. Abandonou a casa paterna aos 15 anos e marchou para Madrid onde simultaneou os estudos de Bacharelato e a carreira de Dereito. Casou con Modesta Vázquez Rodríguez o 18 de agosto de 1877. Traballou de xornalista en moitos rotativos e fundou e dirixiu o diario *La Tierra Gallega* en La Habana. Tamén traballou na Intervención da Delegación de Facenda de Ourense e no Concello de Madrid. Foi un dos principais impulsores da creación da Real Academia Galega en 1906. Da súa obra cabe destacar: *Aires da miña terra* (1880) e *O divino sainete* (1888). O bispo de Ourense, Cesáreo Rodríguez, denuncia a Curros por considerar que *Aires da miña terra* contén proposicións heréticas, blasfemas e escandalosas. O xulgado ordenou o sequestro dos exemplares en poder do editor e Curros foi procesado. Foi condenado en Ourense e absolto na Coruña. O monumento máis importante en honor a Curros está na Coruña, nos xardíns de Méndez Núñez, obra do escultor Francisco Asorei. Curros morreu o 7 de marzo do 1908 na Habana, en Cuba. Os seus restos mortais foron embarcados para Galicia.



Samuel Fernández Paz

NAS FRAGAS DO RÍO EUME

Os días 27 e 28 de Outubro deste curso 2005-2006, os alumnos e alumnas de 2º da ESO viaxamos até as Fragas do Eume nunha excursión organizada polo Departamento de Ciencias Naturais. As Fragas do río Eume son unha formación de bosque atlántico caducifolio europeo. Actualmente, é unha das poucas fragas que quedan do tipo atlántico costeiro en toda Europa. Para encontrar outro bosque así teríamos que ir ao sur de Irlanda, até Killarney.



Na súa orixe este bosque foi de tipo subtropical, como todo o clima do noso país hai uns 20 millóns de anos. A vexetación era verde e exuberante formada por especies hoxe tan exóticas como palmeiras, alciprestes e sequoias, así coma de feitos arborecentes.

Posteriormente, hai uns 1,8 millóns de anos, as glaciacións van cambiar o clima de toda Galicia e haberá estacións chuviosas e cálidas e estacións frías e secas. O bosque pasará a ser estepa de gramíneas e

tundra de piñeiros, queirogas e bidueiros.

Ao final o bosque pasou a ser máis cálido e a vexetación evolucionou considerablemente até aparecer as especies que hoxe temos.

Federico Pedreira Nores



FLORA e FUNGOS



O bosque ten árbores típicas deste modelo de fraga. As máis representativas son: o bidueiro, o carballo, a abeleira, o ameneiro e o castiñeiro. Salientar a extraordinaria riqueza de feitos, reliquias da flora subtropical da era Terciaria, como a *Culcita macrocarpa*,

Woodwardia radicans, *Vandenboschia speciosa*, etc...

Tamén conta cunha grande variedade de cogumelos como os *Hipholoma*, a *Amanita muscaria*, *Sarcoscypha*, etc...

FAUNA



Invertebrados: a vacaloura, varios tipos de arañas, escarvellos e cabaliños do demo.

Anfibios: ras, sapos, salamántigas e escánceres.

Réptiles: lagartos e lagartas.

Aves: ferreiriño, tordo, peto, bufo e pequenos paxaros.

Mamíferos: raposo, leirón, martaraña, lontra e morcego.

A DECADENCIA DO RURAL

A día de hoxe a maior parte dos habitantes do rural galego, cerca dun 90%, despois de cinco séculos de imposición do español na Administración, na Escola, na Universidade, na sanidade, nos medios de comunicación e en todos os ámbitos da vida oficial, seguen falando a lingua galega. E non por mor de ser, como din algúns coitados, xente da aldea, se non porque a xente do agro resistiu mellor que ninguén a presión abafante do castelán e non renunciou a ser ela mesma. Ben, pois vou ao gran. Xa hai tempo que moitos habitantes do medio rural marchan para a cidade ou civilización, coma din aqueles que descoñecen o que tal palabra significa. Se consultáramos unha estatística de poboación veríamos con claridade que a emigración desde o rural á cidade débese ao pouco que rende e ao duro que é traballar no campo. Claro que a suor do traballo e os calos do sacho non son moi agradables, pero que esa xente non se preocupe que hai pomadas moi resultantes.



Agora existen proxectos para que a xente torne de volta. Un

dos máis recentes consiste en facilitar que os granxeiros se retiren aos sesenta anos de idade e que

a persoa nova que continúe co traballo na granxa poida incluso herdala coa condición de non abandonar a actividade.

Aparte destes proxectos vese nos medios de comunicación que existen persoas preocupadas que volven polo seu propio pé. Tamén están aqueles habitantes das cidades que se instalan no campo construindo os seus chalés ou mercado eses chamados "adosados" cuns xardíns mínimos. Hai xa cerca de corenta anos que esta decadencia comezou a ir a máis até os días de hoxe nos que a maioría dos cidadáns non se preocupa por estes temas aínda que lles poida afectar na súa vida .



José Antonio López Sixto



ROLDA DE PRENSA CON RUBÉN CELA DÍAZ, DIRECTOR XERAL DE XUVENTUDE E SOLIDARIEDADE


O 27 de outubro de 2005, reporteiros e reporteiras xuvenís de distintas revistas escolares de Ferrol e bisbarra mantivemos unha cómoda e amigábel entrevista co Director Xeral de Xuventude e Solidariedade, **Rubén Cela Díaz**, na sala de xuntas do *I.E.S. Concepción Arenal*. Todos sentados arredor dunha grande mesa fomos formulándolle, pouco e pouco, cuestións varias de interese xeral que pausada e delongadamente foi contestando,

mentres nos describía as dificultades que temos hoxe en día a mocidade para acadar un futuro digno se non loitamos por el. Alí estivemos representantes das revistas *Fóra de Portas* [*IES Concepción Arenal*, Ferrol], *Vaidai* [*IES Fernando Esquío*, Neda], *Navegantes* [*IES de Canido*, Ferrol], *Ondas da Frouxeira* [*CPI-Atios*, Valdoviño] e a nosa *Planeta Lingua*.

Rubén Cela naceu en Lugo o ano 1979, está rematando o último curso da licenciatura de Economía na Universidade de Compostela e ten feito estudos de especialización en Dereito Tributario. Participou no movemento estudantil nacionalista, nos CAE (*Comités Abertos de Estudiantes*) e

nos CAF (*Comités Abertos de Facultade*). No ano 2000 foi elixido secretario xeral de *Galiza Nova*, cargo que ocupou até o 2004. É membro fundador da *Free Alliance Europe Youth*, organización de ámbito europeo que reúne entidades xuvenís de dez estados da Unión Europea. Así mesmo, Rubén Cela

Díaz participou activamente en diferentes debates asemblearios do *Consello da Xuventude de Galicia* (CXG). Na actualidade é membro do Consello Nacional do *Bloque Nacionalista Galego*.



Rubén Cela. De primeiras quérovos dicir que é un pracer poder estar aquí, con vós, e quérovos agradecer esta ocasión que me brindades para que as actividades da *Dirección Xeral da Xuventude e Solidariedade* se poidan coñecer máis e mellor nos centros educativos da comarca de Ferrolterra.

–*Reporteiros/as. En que consiste exactamente o teu cargo?*

–*R.C.* Boa pregunta. Consiste na coordinación das políticas para a mocidade da Xunta de Galiza e a coordinación das asociacións de voluntarios e o traballo solidario. Para nós tamén é moi prioritario incidir na

rigorosa que lle permita no futuro manter unhas prácticas sexuais pracentes e sen risco. Os datos están aí, como é o caso de que dende o ano 1996 a cifra de embarazos non desexados en menores de 18 anos non para de aumentar, pois nas relacións afectivo-sexuais seguen presentes os mesmos tabús, preconceitos e estereotipos seguen presentes. Un estudo recente revelaba que 4 de cada 10 menores de 25 anos seguen considerando que *a marcha atrás* é un método anticonceptivo e que manter relacións sexuais en pé impedía o embarazo.

Os actuais COF (Centros de Orientación Familiar) non son un modelo válido porque teñen unha perspectiva cáseque exclusivamente sanitaria, por iso precisamos poñer en pé unha rede de centros de información e orientación específica para a xente nova, con médicos e persoal especializado para tratar con adolescentes, sendo fundamental a presenza do psicólogo. Os centros de información afectivo-sexual complementaríanse cun portal de internet e unha liña telefónica gratuíta para que se poidan facer consultas persoais de maneira anónima e libre.

Tamén estamos a organizar distintas campañas específicas de normalización lingüística, salientando a de pasar a cómic algúns clásicos da literatura galega.

–*Rpt. Que situación atopaches na Dirección Xeral de Xuventude cando te incorporaches a ela?*

–*R.C.* Moi mala, bastante peor do que pensaba. O primeiro que atopei foi unha maneira de entender a política xuvenil moi desnortada, pois no mellor dos casos era unha política para nenos, para menores de 14 anos, cunha visión moi residual do tema xuvenil, coma se non tivera importancia. Pouco máis que expender o *Carné Xove*, organizar os campamentos de verán e tres ou catro actividades máis durante o ano para poder sacar a foto. Tamén nos propios funcionarios atopei unha actitude mental remisa a tratar temas como os da anticoncepción, ou a falar do emprego ou da vivenda. A Dirección Xeral saínte entendeu o seu labor moi orientado para lecer e un lecer moi mal entendido.

[A seguir páx. 13]

transversalidade da política xuvenil, quer dicir, dado que en todas as consellarías se desenvolve un traballo específico para a xente nova, por exemplo desde Cultura, Vivenda, Emprego, Educación, Normalización Lingüística, etc., tentaremos, desde a Dirección Xeral de Xuventude, coordinar os esforzos entre os diferentes departamentos da administración autonómica, e mesmo outras institucións, de cara a facer unha política conxunta para a mocidade.

–*Rpt. Cal é o voso plan de actuacións para este ano?*

–*R.C.* Estámonos centrando na programación paro ano que ven, e unha das cousas que estamos a artellar é a creación dunha rede de información e orientación afectivo-sexual para a xuventude. Nós pensamos que o tema da información sexual para a mocidade é unha cuestión de dereitos e non é unha exclusiva cuestión moral. A xente nova ten dereito a estar informada e ten que ter acceso a unha información seria e



ROLDA DE PRENSA CON RUBÉN CELA DÍAZ, DIRECTOR XERAL DE XUVENTUDE E SOLIDARIEDADE

[Vén da páx. 12] →

E logo, eticamente non é moi decoroso que, por exemplo, na Dirección Xeral de Voluntariado tiveran 0,00 € a mes de agosto. Aí está tamén o tema de tentar queimar todos os cartos posíbeis antes do cambio de goberno e deixar comprometido moito gasto para o vindeiro ano, cousa que a día de hoxe está inviabilizando algúns proxectos. Outra das cousas que vin foi un estrago de cartos impresionante, hai actividades que cando ves o que custaron dis: isto non pode ser, non pode ser certo; a Dirección Xeral de Xuventude organizou un curso de condución segura que custou 150 millóns de pesetas (900.000 € dos actuais); a verdade é que pensando nas prioridades e necesidades da mocidade non vexo que pague a pena manter este tipo de actuacións.

–*Rpt. A que pensas que se debe o fracaso escolar?*

–**R.C.** Pois home, aquí están presentes uns cantos profesores e profesoras que poderían dicir máis ca min, e aínda que nunca me parei a pensar moito no tema, supoño que intervirán moitos elementos, desde os propios planos educativos, que sexan ou non capaces de espertar o interese do estudantado, que incentiven a súa participación e corresponsabilización, até a procedencia socioeconómica do alumnado. Amais do fracaso escolar no ensino secundario obrigatorio, o que agora mesmo temos é unha falta enorme de expectativas, e falo do ámbito universitario onde a maioría dos rapaces e rapazas inician os seus estudos cun desánimo total, sabendo que logo de rematar a carreira non van atopar traballo. Sería outra forma diferente de fracaso escolar.

–*Rpt. Na súa opinión, cal é o maior problema que ten hoxe a mocidade galega e que medidas pensan tomar?*

–**R.C.** A curto, medio e longo prazo o maior problema é a falta de postos de traballo. Deste problema derivan en parte os demais, como, por exemplo, o problema da vivenda. A falta de postos de traballo na nosa terra segue alimentando a emigración; para que vos fagades unha idea: desde o ano 1990 emigraron máis de 150.000 persoas, maioritariamente menores de 30 anos. E xa non falemos das condicións laborais, pois o 90% dos contratos que se asinan para menores de 30 anos son temporais e en precario. Evidentemente con contratos de 3 meses, 6 meses ou un ano non vas poder afrontar unha hipoteca, nin pagar as letras dun automóbil e nin pensar en ter un fillo ou manter unha familia. Hoxe, no conxunto do Estado, case o 50% do

salario neto dos traballadores menores de 35 anos está dedicado ao aluguer da vivenda, que non ao pago dunha hipoteca.

Sobre o tema da emigración xuvenil, e coas competencias da Dirección Xeral, centrarémonos basicamente en medidas de información, asesoramento e retorno, encomezando polo feito de recoñecer a existencia do problema da emigración xuvenil, cousa que nunca aceptou o goberno anterior do PP.

Mandaremos información aos emigrados sobre postos de traballo aquí e medidas de apoio para que puideran volver. Outras cuestións máis estruturais temos aínda que falalas coa Consellaría de Emprego, como a reforma do *Plano Labora*, medidas de estabilidade e continuidade laboral, medidas de inspección de traballo, etc..

–*Rpt. Que foi o que che impulsou a meterte na política?*

–**R.C.** Se mal non me lembro empecei a militar na política con dezaseis anos. A miña toma de conciencia iniciouse co tema lingüístico: fun unha persoa educada



exclusivamente en español, en Lugo, nun ambiente urbanita, e aínda que meus pais non daban unha palabra en castelán, educaron os seus fillos en español para que non tivéramos os problemas que tiveran eles; a típica familia que asumía o autoodio con “*naturalidade*”. Sendo neno houbo un episodio na miña vida que me deixou moi marcado: nun xantar na casa da miña avoa, estando alí toda a familia, todos os sobriños e netos, etc., e

falando todos galego, agás os meus dous irmáns e mais eu, impresionoume o esforzo que facía a miña avoa por entenderse con nós en castelán. Desde aquela non parei de cuestionarme por qué o que falaban os meus pais entre eles era bo para eles pero non podía ser bo para min. Todo isto, xunto á experiencia de traballar moitos anos no comercio da familia, unha froitaría, onde ves e vives moitos episodios que socialmente non che gustan, como o trato que recibías de determinados estamentos lugueses, permitiume ir tomando conciencia de País e dos problemas sociais. E isto coincidiu con que partín unha perna, e como no seu día mercara o *Sempre en Galiza* de Castelao tiven tempo abondo para dedicarme á súa lectura e sistematizar todas as ideas que me preocupaban, de maneira que cando rematei o libro pensei que se isto é nacionalismo eu son nacionalista. E a partir de aí outra aventura diferente. [A seguir páx. 14] →

ROLDA DE PRENSA CON RUBÉN CELA DÍAZ, DIRECTOR XERAL DE XUVENTUDE E SOLIDARIEDADE

[Vén da páx. 13]

–Rpt. Como vai ser a vosa actuación no ámbito da prevención da drogadicción?

–R.C. Hai dous temas especialmente complicados: o da droga e o dos accidentes de tránsito, ambos os dous moi vinculados co ocio nocturno. O asunto sería buscar medidas efectivas e xa se teñen desenvolvido programas alternativos como o das *noites abertas*, pero sinceramente creo que, polo que indican as estatísticas, non son excesivamente efectivas. Na última década non deixa de aumentar o consumo de drogas e, ademais, a idade de inicio é cada vez máis temperán: haxix, marihuana, cocaína, pastillas sintéticas, etc.. Realmente é moi preocupante o consumo destas pastillas sintéticas por parte de adolescentes de 15, 16 anos, ás que acceden polo seu baixo prezo en sesións de tarde das discotecas. Os seus efectos secundarios sobre o cerebro, o corazón etc. son moi perigosos e moi daniños. Respecto a como combater a tara social das drogas está claro que, aínda que a súa efectividade sexa menor, continuaremos con campañas de prevención e concienciación, aínda que non chegan. No caso dos accidentes de tránsito hai medidas concretas que son interesantes como a organización de transporte nocturno público.

Remitíndonos aos feitos vemos que incidir positivamente no problema da drogadicción é moi difícil: miremos senón os moitos anos de aplicación do *Plan Nacional Antidrogas* e como as cifras de adicción non paran de medrar. Estamos a estudar planos antidroga europeos e de distintas partes do mundo, e estamos abertos a calquera iniciativa que neste ámbito nos poidan propoñer as asociacións antidroga ou calquera particular interesado no tema. Con todo, penso que unha liña de actuación prioritaria ten que ser a de levar á conciencia da mocidade, con campañas de información axeitadas, os efectos absolutamente destrutores para a saúde e a vida do consumo de estupefacientes.

–Rpt. No ámbito lingüístico cres que podería haber algunha solución para recuperar o galego?

–R.C. Hai solucións e débense aplicar. O idioma xa non pode esperar máis. O que se fixo nestes anos atrás co tema do galego foi un auténtico lingüicidio, deixouse ir morrendo de forma intencionada, pensada e orquestrada o maior patrimonio colectivo que temos como pobo. Os datos están aí: o número de falantes na xente nova diminúe ano tras ano. Temos moito que traballar e facer para que o noso idioma se normalice socialmente. Existen experiencias de inmersión lingüística noutras latitudes que demostran que

en situacións de partida bastante máis precarias que a nosa, e nun espazo relativamente breve de tempo, deron corrixido a situación. Hai un primeiro punto básico que é o de dignificación do uso do galego pois aínda se manteñen na mocidade moitísimos dos tópicos de



sempre: eu teño amigos monolingües en galego que cando

van de ligue a un pub, cambian de idioma: *-Ola!, como te llamas?* Hai que normalizar no sentido estrito da palabra, porque non se poden medir as cousas por diferente raseiro e poñamos un exemplo. A alguén en Madrid podería parecerlle normal que calquera rapaz ou rapaza despois de permanecer 15 anos escolarizado nun ensino público e obrigatorio non soubera falar ou escribir en español? Sería iso aceptábel en Madrid? Está claro que non, e desmontarían o sistema educativo de arriba abaixo. Pero aquí si que pasa: temos eses 15, 16 anos de escolarización e a xente pode rematar eses 15, 16 anos sen ter a máis mínima idea nin de falar, nin de escribir nin de desenvolverse cun mínimo xeito en galego e non pasa absolutamente nada.



Para avanzar non se necesitarían grandes cambios, de entrada facer cumprir a Lei e no caso concreto do ensino que se cumpra o Decreto de Normalización e se impartan en galego todas as materias prescritas. E tamén o galego como lingua de futuro, non nos vale a imaxe folclórica da lingua, hai que promover o galego e as novas tecnoloxías, hai que pular por un idioma aquelado cos novos tempos que vivimos.

–Rpt. Que propostas tendes para fomentar o uso do noso idioma?

–R.C. Imos cambiar radicalmente todo o sistema dos campamentos de verán. En si, todo o sistema educativo galego xoga un papel españolizador terríbel e no peor sentido da palabra. E nunca vin unha cousa tan destrutiva coma os campamentos de verán organizados polos anteriores responsábeis do PP: coñezo casos de nenos monolingües pequeniños que pasaron 15 días alí e acabaron cun cacao lingüístico fenomenal. Os campamentos de verán até agora infrinxiron flagrantemente as leis vixentes e nas súas actividades, aparte de obviar calquera tipo de vinculación real co País, o noso idioma estivo ausente na boca de monitores e directores. Por estes campamentos pasan, durante os tres meses de verán, uns once mil nenos e nenas, e de agora en diante organizáremolos atendendo á dignificación e normalización do noso idioma, aplicando de xeito consecuente as directrices emanadas do *Plano de Normalización Lingüística* aprobado por unanimidade no Parlamento de Galiza. Temos tamén o proxecto de facer campamentos bilingües galego/*english*, e o de botar para adiante iniciativas no ámbito do lecer e do ocio, como a edición de distintos tipos de xogos de mesa, a posta en valor dos novos creadores de cómic galego e banda deseñada, a promoción decidida da sempre puxante música galega xuvenil, etc.

Darío Fernández Fernández, Federico Pedreira Nores, José Antonio López Sixto e Samuel Fernández Paz

Homenaxe a Meizoso in memoriam

RECORDAMOSTE...

porque sorrías sempre.
Aínda que fose luns ou fose tarde ou foses canso.

Porque as túas mans eran innumerables
e podían estar á vez en todas partes.

Porque sabías facer breve o desencanto
e argallar historias
para vencer mil e unha noites

Porque non marchabas ata deixalo todo en orde
e a túa paciencia era desesperante, incorruxible, interminable...

Porque se non estabas é que andabas entre bastidores:
preparabas focos, altofalantes, decorados...
e anunciabas despois que "a vida é soño".
E soñar era unha obriga para todos.

Porque co maino azul das túas acuarelas
sabías namorar,
como cantiga de amigo.

Porque volcaches en nós un desconcerto
como arrepío
e precisamos máis que nunca das certezas:
de pensar que o que non está tamén existe,
de pensar que sen estar con nós
segues sendo nós
e sendo noso.

Antía López



PALABRAS PRA MEIZOSO

Tiñas a paciencia do resío
a calma do horizonte
a serenidade dos crepúsculos...

Cando eu te coñecín
engadíñ nova palabra aos dicionarios:
Dende entón na miña fala,
Meizoso é un sinónimo perfecto de bondade.

Falaches e ensinaches nunha lingua que é metáfora.
Moumeácheslle ao vento
esdrúxulas e graves voces,
agudos sons e os pronomes
persoais que habitaban
en cada un dos rostros
que con doce mestría educaches.

Un día descubriches
que sabías chorar luz con acuarelas
e saíron dos teus ollos
as cores necesarias
coas que escribiches as verdes paisaxes
que o teu idioma azul alumiñaba.

Fúcheste moi cedo
quizabes por pensares
que ías chegar tarde
ao cálido infinito que xa eras.

Antón Cortizas



Para Meizoso (Mei) IN MEMORIAM

Mei -compañeiro e amigo-
Neste día da primavera que xa agroma,
Pese ás ráfagas violentas que te ocultan,
Permaneces abalado no aire,
Por encima de todas as tormentas.

Agora es vento, libre e silandeiro
Que nos convida a seguir resucitando
Esta lingua túa e nosa
Pese á galería de vidros rotos
Que de cotío nos esgana.

Anfitrión bo e xeneroso que nos anima
A non ser espectadores mudos
Dun espolio permanente.

A túa loita amable non ha quedar en terra erma
Porque o teu vigor incansable e a túa sabedoría calma
Han ser para nós facho constante.

Ti, Mei, fuches, es, lingua viva que triunfa
E que nos chama a insistir nesta conquista
Que por máis que se demore ha ser vitoria certa
Porque o tempo xa está andando
E ha ir esmacelando aramos, lavando farrapos,
Trocando a cor dos prados.

O tempo, ha ir xermolando
E ha brillar o setestrela onde houbo noitébrega
E arelas de luz onde houbo sombras dondas
Porque xa non doe o medo
Porque hai lumieiras no cume dos soños
E imos furando paseniño
Esmiuzando os penedos
Escorrentando os espectros.

O onte xa declina nun mañá
Que esgaza un longo inverno de silencio;
¡Habemos de erguer a esperanza!

E ti e Nós diremos: Meu
Diremos: Noso
E xa non nos han pesar as pálpebras
E non camiñaremos en terra escura
E hanos sorprender o outono
Dicindo lóstrego e non *relámpago*
Castañeiro e non *castaño*
E haberá por fin cerdeiras, paxaros e liñeiros.

Viaxaremos sen disfraces
Seguros de nós mesmos
Sempre **SOLIDARIOS**

Daquela ¡Mei! Has estar para celebrármolo
Cantaremos a Pondal e seguro has pintar un cadro.

Melba Couto Pedreira

Neste frondoso *carballo* alimentado, cultivado e regado por moitas mans preocupadas pola cultura de noso aniñan voces da mocidade verdecente que, nun futuro moi próximo, será quen de seguir na teima de recuperar a esencia vital que hoxe, en todos aqueles que participan neste acto poético, sementamos con esperanza.

Sigamos sendo follas deste *carballo* cheo de vida e busquemos no seu seo mil primaveras máis para a lingua galega.

[Palabras pronunciadas por **Xosé Carlos Meizoso** no IVº *Certame de Recitado de Poesía Ricardo Carvalho Calero*, Ferrol 1997.]



INQUÉRITO SOBRE O QUE ESTÁ POR CHEGAR (=FUTURO)

Imaxina que ti es un importante científico e astronauta. Dentro de pouco vas comezar co teu grande experimento que consiste en plantar na superficie de Marte unhas sementes que, de daren froito, terán unhas aplicacións coas que cambiar o rumbo da humanidade.

1) Penso que terei éxito no meu experimento porque...

- >Traballei moito neste proxecto.
- >Formeime durante moitos anos nas universidades máis prestixiosas.
- >Teño unha financiación moi bo.
- >O meu equipo é o mellor.

2º ESO	Esfuerzo	Estudos	Financiamento	Equipo
MULLERES	67%	16%	0%	17%
HOMES	69%	8%	0%	23%

1º BACH	Esfuerzo	Estudos	Financiamento	Equipo
MULLERES	67%	6%	2%	25%
HOMES	51%	15%	7%	27%

2) Xa está todo preparado.... que problemas poden xurdir?

- >Que non me cheguen os cartos.
- >Que me rouben o proxecto.
- >Que me desanime porque o proxecto é moi difícil.
- >Calquera imprevisto que afunda todo.

2º ESO	Faltan cartos	Roubo proxecto	Desánimo	Imprevistos
MULLERES	8%	6%	22%	64%
HOMES	7%	19%	26%	48%

1º BACH	Faltan cartos	Roubo proxecto	Desánimo	Imprevistos
MULLERES	24%	13%	9%	54%
HOMES	15%	7%	12%	66%



3) Cando xa estamos en Marte, comunicánnos desde Terra un problema inesperado. Que fago?

- >Desanimome moito e penso que, ao mellor, non paga a pena tanto esforzo.
- >Pido axuda ao equipo que quedou na Terra.
- >Reviso todo o proxecto para ver de corrixir os erros.
- >Acabo pensando que ese problema non ten tanta importancia.

2º ESO	Desánimo	Pido axuda	Corrijo erros	Non hai problema
MULLERES	3%	19%	78%	0%
HOMES	7%	19%	67%	7%

1º BACH	Desánimo	Pido axuda	Corrijo erros	Non hai problema
MULLERES	7%	35%	53%	5%
HOMES	3%	28%	54%	15%

4) O proxecto está en marcha e sae adiante.

Das 100 plantas sementadas en Marte abrollaron _____ (indica o nº de plantas conseguidas).



2º ESO	0-49	50-69	70-89	90-100
MULLERES	15%	50%	30%	5%
HOMES	29%	17%	46%	8%

1º BACH	0-49	50-69	70-89	90-100
MULLERES	25%	21%	26%	28%
HOMES	24%	10%	17%	49%

2º E.S.O.

Non sabemos como será o noso futuro, pero vai estar moi condicionado polo que pensamos e sentimos.

En 2º da ESO, atendendo aos datos achegados polo inquérito, podemos dicir que a maioría pensa que o éxito dependerá do traballo persoal. As rapazas pensan que a Universidade pode proporcionar a preparación adecuada para acadar os obxectivos desexados, pero para os rapaces a función da Universidade resulta irrelevante. Os nenos valoran máis o grupo a panda, os amigos como axuda a ter en conta que as nenas.

De onde virán e en que consistirán as dificultades do noso futuro? Tanto eles coma elas pensan que a maior dificultade para acadar o que queremos está en factores externos a nós, en algo fatal e imprevisíbel que o afunda todo. En menor medida pensamos que nós mesmos podemos ser o noso maior obstáculo por non saber reaccionar adecuadamente ante os atrancos que atopemos, paralizándonos o desánimo. Só os rapaces, e non as rapazas, chegan a ver nos outros, nunha porcentaxe certamente baixa, un impedimento para o éxito, o que nos indicaría que as relacións de competitividade non están moi presentes entre a xente nova.

Sabemos afrontar o fracaso ou as contrariedades? Rapaces e rapazas saben atopar unha reacción adecuada aos inconvenientes. As respostas que indican derrotismo son pouco representativas mentres que as que indican unha actitude serea de reflexión e análise, así como a confianza na axuda dos demais son as máis votadas. De acordo co inquérito, o alumnado de 2º da ESO é moi optimista respecto das súas expectativas de futuro: eles son máis triunfalista, as súas esperanzas de éxito son maiores que as das rapazas, que amosan unhas expectativas máis realistas e agardan menos éxitos.

Como xulgamos os nosos pequenos logros de cada día? Somos conscientes de que nos custaron moito esforzo pero sentimos que a ledicia compensou o traballo realizado.

Que é o que máis desexa a xente nova, o que verdadeiramente constituiría un premio polo traballo realizado? Nos rapaces non aparece ningunha preferencia que sobresaia. Entre as rapazas aparece case maioritariamente a aventura dunha viaxe emocionante.

5) Como xulgas os resultados obtidos e o experimento no seu conxunto?

- >Resultou moi doado: sempre souben que son unha persoa con éxito.
- >Foi moi divertido e moi emocionante.
- >Sinto moita leducia pero o certo é que o proxecto resultou bastante difícil.
- >Estou contento, pero pregunto se pagou a pena tanto esforzo.



2º ESO	Moi doado	Emocionante	Bastante difícil	Difícil, moito esforzo
MULLERES	0%	21%	62%	17%
HOMES	7%	15%	71%	7%

1º BACH	Moi doado	Emocionante	Bastante difícil	Difícil, moito esforzo
MULLERES	0%	18%	73%	9%
HOMES	12%	17%	61%	10%

6) Realmente mereces un bo premio polo teu experimento e as túas achegas á ciencia. Que sería para ti un bo premio?

- >Ser coñecido e poder ir aos medios de comunicación para difundir as miñas descubertas.
- >Facerme tan rico, de cartos, como para non ter que volver a traballar nunca máis.
- >Facer unha viaxe emocionante arredor do mundo.
- >Retirarme do mundanal ruído a un lugar que me guste para descansar con tranquilidade.



2º ESO	Recoñecemento social	Facerse rico	Viaxar	Retiro
MULLERES	25%	8%	47%	7%
HOMES	26%	18%	26%	30%

1º BACH	Recoñecemento social	Facerse rico	Viaxar	Retiro
MULLERES	21%	33%	36%	10%
HOMES	24%	34%	17%	29%

Iº BACHARELATO

Que diferenzas atopamos co alumnado de 1º de Bacharelato?

Curiosamente volven coincidir na idea de que o éxito está baseado no traballo e, en menor medida e só para as rapazas, vese que a universidade pode ser un medio que nos proporcione a formación adecuada. Seguen a ser moi pouco valorados os medios materiais, por exemplo un bo financiamento, como elemento clave para realizar os nosos proxectos. Este dato indicaría unha certa falta de realismo, quizais porque até agora as súas necesidades materiais sempre estiveron cubertas.

Na valoración das dificultades, a xente nova parece confiar bastante en si propio e nas súas capacidades para superar atrancos e teñen máis medo a factores externos que non poidan controlar. Comezan a considerar que un fallo no financiamento pode facer inviábel o seu proxecto. As mulleres confían menos nas súas posibilidades de éxito, por iso séntense máis proclives ao desánimo. Pero nunha sociedade que percibimos tan competitiva, non ven no outro un rival que poida apropiarse do seu proxecto.

Igual que no alumnado de 2º da ESO, encontramos tamén unha boa tolerancia e reacción fronte ás dificultades: a análise racional do problema prevalece sobre o desánimo ou a frustración. Tamén conta a idea de saber que poden contar coa axuda dos compañeiros e compañeiras.

A boa expectativa de éxito, tanto neles como nelas, fai

que aborden o futuro con ánimo e optimismo o que, combinado cunha boa dose de realismo, fará máis doado lograr o que se propoñan. Pero neste aspecto salientaremos que existen unhas diferenzas significativas entre homes e mulleres. Estas amósanse máis cautas á hora de esperar grandes resultados, as súas expectativas de éxito son menores que as dos homes. Como podemos ver a través doutras respostas, a percepción de dificultade é maior na muller que no home, o que fai que as súas esperanzas de éxito diminúan. A súa percepción do perigo e da dificultade determina que a muller sexa máis realista e tamén máis prudente e responsábel.

Os logros son valorados con moderación: case ninguén pensa que as cousas poidan lograrse sen esforzo, e case todos coinciden en valorar que o traballo paga a pena e achega moita leducia.

O que máis lles gusta ás mulleres, e iso

sería un bo premio para elas, é algo cargado de emoción: unha viaxe arredor do mundo, por exemplo. Mentres que o mellor premio para os rapaces sería a idea de facerse ricos ou ben a tranquilidade absoluta, poder vivir sen preocuparse por nada.

Estes datos amósannos as expectativas do noso alumnado diante do seu futuro: responsabilidade e optimismo. Ogallá a súa conduta no día a día materialice este feixe de boas ideas.

Samuel Fernández Paz, José Antonio López Sixto e Federico Pedreira Nores. Coordinadora Antía López.





ATRÉVETE A DESCUBRIR
A TÚA VERDADEIRA IDENTIDADE

GALEGUIZA A TÚA VIDA

Hai quen vive en Galiza como se estivese nunha burbulla.

Alleos á realidade de Galiza, alleos á lingua que nos une como galeg@s

ROMPAMOS ESAS BURBULLAS !

O galego comeza agora unha nova etapa
CHEA DE ENERXÍA. Súmate!

Márcate o obxectivo de falar e escribir en galego a toda persoa que o entenda

POR QUE NON EN GALEGO ?

Hai un truco para dar o paso: se te bloqueas ao comezares a falar en galego con quen sempre falaches en español, podes comezar por usalo con persoas descoñecidas e practicalo en situacións novas, para ir introducíndoo logo na túa esfera habitual.

Non te avergoñes dos defectos que poidas ter.
Coñeces algunha lingua que se poida aprender a usala ben sen usala?

GALEGUIZA A TÚA VIDA !



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA
IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral do Benestar
Dirección Xeral de Xuventude
Solidariedade

DE CONVERSA COA ATLETA BRENDA VARELA LÓPEZ

Dende que idade levas no atletismo?

–Pois dende pequena, tiña 8 anos e apuntáronme a carreiras e competicións escolares e empezoume a gustar.

–Quen te motivou e como?

–Motiváronme os meus profesores da escola, inscribíanme nas competicións e animábanme moito.

–Cal foi a túa mellor vitoria?

–O ano pasado quedei campioa galega dos mil metros en pista cuberta, campioa galega de cross, e tamén gañei os mil metros en pista ao aire libre.

–Canto tempo dedicas a adestrar? E a estudar?

–A adestrar unha hora e media diaria, máis ou menos. A estudar, tamén diariamente, dúas ou tres

horas como mínimo.

–Pensas que unha deportista coma ti precisa unha boa formación cultural e profesional para cando cese na práctica do deporte?

–Sempre se necesita unha boa formación e estudos pois cando remate a práctica deportiva terei que buscar e atopar un bo traballo e para iso necesitarei estar preparada.



–A parte do atletismo, que outros deportes practicas?

–Agora mesmo só atletismo, aínda que un día á semana vou á piscina e fago tamén algúns exercicios no ximnasio.

–Que prefires o atletismo ou o ximnasio?

–O atletismo, por suposto

–No canto de practicar deporte que outra cousa farías?

–Non existe ningunha outra actividade que me poida apartar do deporte.

–Algunha vez sufriches algunha lesión que te prexudicara por un tempo?

–Sufrín, agora mesmo estou lesionada e teño unha fractura por sobrecarga no cuarto metatarso do pé dereito; dende outubro estou parada.

–Como apareceu a lesión?

–Logo de rematar unha carreira o pé comezou a doerme moito.

–Podes comentar algunha anécdota máis ou menos divertida da que foras protagonista?

–Ben, pois anécdotas, anécdotas non sei, pero sempre existen caídas, coma a que sufrín ao comezo da tempada por mor das raíces e pedras dos camiños. A verdade é que dan para rir un pouco.

Samuel Fernández Paz
e José Antonio López Sixto



COÑECEMENTOS PARA A TELEVISIÓN DIXITAL TERRESTRE

É probable que poidas ter un descodificador de TDT. Porén, hai moitos aspectos que comentar desta nova tecnoloxía: cómo recibir o sinal, as súas vantaxes, os seus inconvenientes, os problemas que presenta... Imos explicar como sacarlle partido e todo o que hai que saber para estar un algo iniciado.

Hai uns anos ver unha televisión con boa calidade de imaxe e varias canles supoñía un importante estrago de cartos. Actualmente temos a posibilidade de gozar de 20 canles, ampliábeis dentro duns anos gratuitamente. É a TDT.

Que o que é exactamente a TDT?

A televisión dixital é simplemente un medio máis eficiente de transmitir televisión, con máis canles e mellor calidade

de imaxe e son que actual. Pero a gran novidade é a interactividade que ofrece este servizo.

Para conseguilo transforma a imaxe, o son e os datos nun sinal dixital (bits), cousa que conforma un novo sistema capaz mesmo de corrixir erros e, por suposto, comprimir o sinal.

Beneficios deste servizo**a/ Máis canles**

No espazo que ocupaba un vello canal analóxico pódense ofrecer 4 dixitais. Isto demostra que o espectro radioeléctrico estase a empregar máis intelixentemente dado que os usuarios poderán gozar dunha carta de canles moito maior, xa sexan de pago ou gratuítos.

b/ Máis calidade

Xa non teremos que aturar ruídos, interferencias nin as molestas dobres imaxes. Os sinais son agora máis robustos. Trátase dunha imaxe case perfecta en formato panorámico (16/9) con subtítulos e calidade de son similar ao dun CD. Ábrense as portas a que o son sexa recibido en estéreo, a percibir un son envolvente ou a escoitar a TV en varios idiomas. Todo isto pódese personalizar. A TDT significa recibir a televisión en calidade DVD coma se fose un cine.

c/ Máis servizos

O mellor aproveitamento de banda permitirá ao usuario participar activamente coma se estivese nun estudo de televisión. Agora hai un teletexto dixital, servizos interactivos, acceso a Internet, pago por visión (PPV), guía electrónica de programas, visión multicámara, canles de radio...

Que pasará coa TV actual?

A resposta é un adeus. Dende o pasado 3 de abril de 2002 as canles estatais e algunha autonómica pasaron a emitir en dixital.

Apagón analóxico

A partir de 2010 (inicialmente de 2012), a televisión analóxica deberá literalmente apagarse para deixar os seus cadros do espectro radioeléctrico para as novas canles. Aínda así non hai que se preocupar pois é tempo abondo.



Ao longo destes anos a oferta de canles irá medrando.

Como chega a TDT?

A TDT cáptase por medio de antenas convencionais. Porén, pode ser necesaria unha pequena adaptación das instalacións. Outro requisito é dispor dun descodificador de TDT. Hai unha grande cantidade de modelos que oscilan entre os 60 e os 300 euros. Uns dispoñen de conexión a Internet, outros gravan, outros permiten facer uso dos servizos interactivos e inclúen xogos... pero, loxicamente, todo iso vaille no prezo. Actualmente os televisores xa comezan a incorporar este aparello e xa se fala de *televisores dixitais*.

É obrigatoria a TDT?

Obrigatoria non pero a partir de 2010 a televisión analóxica desaparecerá.

Teño que cambiar de TV?

Podes adquirir un Televisor Dixital Integrado (TVDI) ou adquirir un receptor TDT externo (STB) para que converta o sinal. Outra opción consiste en mandar o sinal para varios televisores dende o mesmo receptor de TDT.

As antenas

Convén distinguir antenas de uso privado e antenas comunitarias. No primeiro caso, se a antena é normal e non moi antiga, probablemente non haberá ningún problema. No caso de que sexa televisión por satélite bastará cunha antena parabólica común. Non obstante, cando nos referimos a instalacións comúns (comunidades de veciños por exemplo), e o edificio sexa novo, deberá dispoñer dunha instalación correctamente habilitada para recibir esta tecnoloxía. Se a construción é antiga, deberase contactar cun instalador para que faga algúns axustes nos aparellos.

Tipos de televisión dixital



Existen 4 tipos. A televisión dixital terrestre, que é a máis empregada, recíbese a través de antenas comúns. A televisión dixital por satélite, que iniciou as súas emisións no Estado en 1997. A televisión dixital por cabo, dispoñíbel a partir deste ano en Galiza.

A televisión dixital ADSL que ofrecen algunhas compañías telefónicas.

Que é o mundo DIXITAL?

É a representación da realidade empregando un modelo discreto. Os aparellos dixitais representan todo utilizando só dous díxitos: o 0 e o 1. Calquera dato que sexa procesado débese converter en 0 e 1. O contrario da representación dixital é a *analóxica*. A vantaxe principal é que todo se pode copiar sen perda de información.

Antón Gómez García



COÑECEMENTOS PARA A TELEVISIÓN DIXITAL TERRESTRE A MIÑA EXPERIENCIA

Hai algún tempo, canso xa de só poder acceder a 5 ou 6 canles de televisión, decidín adquirir un receptor TDT externo. Cando o instalei seguía a ver as mesmas canles e con grande cantidade de interferencias! Co paso do tempo, e volvendo a sintonizar o receptor, collín até unhas 20 canles. Aínda así, a metade non se vían ben. Pero isto pasoulle a moita xente... A solución foi mercar unha pequena antena e instalala eu mesmo. A pesar dalgunha pequena interferencia, a calidade é DVD e pódese gozar dun son in mellorábel, moitos menús e máis de 20 canles.

En todo caso, penso que merece a pena esperar algún tempo antes de mercar un descodificador. Supón un desembolso importante de cartos e probabelmente se a túa vivenda non é moderna teñas algún que outro problema para visualizar algunhas canles como lle

pasou a moita xente, aínda que isto vai cambiar. Resumindo, que a TDT son todo vantaxes agás algunha pega coma o prezo ou a de aqueles edificios que aínda non estean adaptados a esta tecnoloxía. Lanzo tamén un rogo aos fabricantes destes aparellos para que inventen algún que nos permita cambiar automaticamente de canle cando empecen programas estilo "Gran Hermano" ou saia algún político sen saber que dicir...

Antón Gómez García



TRUCOS PARA SISTEMAS OPERATIVOS

Microsoft Office 2000/XP/2003



A) INSTALAR UN CORRECTOR ORTOGRÁFICO ACTUALIZADO

Nos nosos días é moi común empregar o PC para calquera uso. Dende xogar co novo simulador até programar unha páxina web. Ademais, é raro a persoa que non emprega o ordenador para facer un traballo ou pasar uns apuntamentos. Sen embargo, se non tes un bo corrector de faltas, a corrección dos textos pode significar un arduo traballo. Imos explicar como instalar un corrector ortográfico actualizado segundo as normas de 2003.

1) Entra nas páxinas <http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXPL/2mil.zip>

e

<http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXPL/2mil3.zip>,

poderás observar como comezan automaticamente a descargarse dous arquivos. Gárdaos no disco duro como **2mil** e **2mil3**. Se tes Office XP ou Office 2003 e xa tes un corrector de galego, pasa ao segundo truco. Do contrario, continúa con este.

2) A continuación diríxete á carpeta onde se encontran e executa o chamado **2mil**. Dado que se atopa comprimido en **ZIP**, descomprime o contido onde estimes oportuno e fai duplo clic na icona **SETUP**

3) Por último, comezará unha sinxela instalación. Selecciona os parámetros que desexes e finaliza.

4) Agora xa tes instalado un corrector. Iso si, coas normas antigas. Co seguinte truco comentamos como podes actualizalo.



B) ACTUALIZAR O CORRECTOR ORTOGRÁFICO



1) Pecha calquera fiestra de Office que teñas aberta.

2) Descomprime e executa o arquivo **SETUP** e observa unha fiestra igual a esta. Pincha en **Seguinte** e o proceso comezará.

3) Observarás unha barra que se despraza segundo a instalación vai avanzando. Non é preciso configurar nada.

4) Finalmente, se todo saíu ben, aparecerá esta pantalla. Agora xa podes quentar o procesador corrixindo!

Non o penses máis!



Antón Gómez García



PASANDO O TEMPO / PASANDO O TEMPO

P
L
A
N
E
T
A

L
I
N
G
U
A

N
º
8


I.
E.
S.

S
O
F
Í
A

C
A
S
A
N
O
V
A

F
E
R
R
O
L

ENCrucILLADO



1) Unha sávena branca sen algodón que cobre a terra enteira e o río non.

2) Estudante de Santiago que estudas na estudaría, cal é a ave do aire que con leite os fillos cría?

3) Aluma sen ser candil e as veces queima, pola tardiña durme pola mañá esperta.

4) Que cousa cousiña é que canto máis lle quitan máis grande é.

5) Largo coma un camiño e torto coma un fouciño.

6) Que cousa cousa será que canto máis seca máis mollada está?

7) Perna fina coma galiña goberna a casa coma raíña.

8) Pelo por fóra, pelo por dentro e unha cuarta de carne metida dentro.

A) No ceo son de auga, na terra son de po, na igrexa son de fume e unha tea nos ollos.

B) Unha longa longarela anda por baixo da terra non ten ósos nin costelas.

C) Son branco coma o cal todos me saben abrir ninguén me sabe pechar.

D) No alto crece no alto espreita no alto tece a tecedeira.

E) Ten copa, non para tomar ten ás, non para voar.

DAMEIRO

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	R E F R Á N
11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	
21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	
31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	

1 6 18 31 34 12

2 7 9 20 24

32 4 21 36 29

22 3 35 13 15

10 25 37 26

39 27 17 41 30

16 11 22 40 38



Amada, moi apreciada.

Citarse.

Parte córnea que nace no extremo do dedo.

Do revés: amarra pero sen "D".

Substitúes.

Estaría fóra da lei se rematase en "AL".

Duplico.

Fan que algo pechado deixe de estalo.

ATOPA AS SETE DIFERENZAS




Sara Veiga Ramos

CÒMIC





CÒMIC

CÒMIC



CÒMIC

CÒMIC



PLANETA LINGUA Nº 8 I. E. S. SOFÍA CASANOVA FERROL

Sara Veiga Ramos





VI Certame de Poesía e Imaxe en galego sen filtro

A MOCIDADE COA LINGUA




DO 2 AO 6 DE MAIO DE 2006 C. C. CARVALHO CALERO

10 de maio de 2006 ás 11:30 h CONFERTO NORFOLK / DIOS KE TE CREW



COORDENADORA DE EQUIPAS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA: 14 ANOS RESTAURANDO USOS E NORMALIZANDO O IDIOMA EN FERROLTERRA



A MOCIDADE COA LINGUA

